



**Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e o Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas**

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un estudiante poida cursar de forma simultánea os estudos de Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e pola Facultade de Economía e Empresa sobre os plans de estudios oficiais.

Para a posta en marcha do programa, resulta necesario regular determinados aspectos, nomeadamente:

**Art. 1. Autorización do programa**

A Universidade da Coruña autoriza a posta en marcha dun programa de estudios da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e da Facultade de Economía e Empresa que permita realizar de xeito simultáneo os estudios de Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (en diante Programa de Simultaneidade), mediante unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partir dos plans de estudios oficiais e tendo en conta o regulado nos artigos seguintes.

**Art. 2. Titulacións que se obterán**

Os alumnos que superaren este Programa de Simultaneidade obterán os dous títulos oficiais de Máster Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas pola UDC.

**Art. 3. Duración do Programa de Simultaneidade**

O Programa de Simultaneidade, terá unha duración de catro cuatrimestres, en dous cursos académicos. O número de créditos necesario para superar o programa será de 171 ECTS.

**Art. 4. Centro responsable das xestións administrativas do Programa de Simultaneidade**

Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas, acórdase designar a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos como centro responsable destas xestións e da tramitación e custodia dos expedientes académicos dos estudiantes; neste centro os estudiantes aboarán os prezos públicos e taxas por servizos académicos que corresponden ao título de Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e de Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas.

**Art. 5. Centro de impartición do ensino**

O réxime de impartición das disciplinas deste Programa de Simultaneidade determinarase de maneira conxunta polos/as coordinadores/as do Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e do Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas. En todo caso, e con carácter xeral, realizarase no centro que corresponder segundo as disciplinas que se van impartir.

**Art. 6. Número de alumnos**

O límite de alumnos será dun terzo do límite de acceso ao Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas, que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, de conformidade coa normativa vixente.

Non obstante, se os dous terzos restantes non se cubrisen con estudiantes que non entrasen no programa de simultaneidade, o límite do parágrafo anterior podería ampliarse coas prazas que deixasen os ditos estudiantes.

Do mesmo xeito, se o terzo reservado para os estudiantes de simultaneidade non se cubrise con estes, esas prazas poderán ser cuberta con estudiantes que non entrasen no programa de simultaneidade.

## **Art. 7. Acceso e admisión de estudiantes**

1. Só poderán acceder ao Programa de Simultaneidade aqueles estudiantes que reúnan os requisitos legais de acceso para ambos os mestrados, establecidos no artigo 16 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

2. A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións de mestrado ofertadas pola Universidade da Coruña.

Dado que o Programa de Simultaneidade se introducirá de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderán solicitar a admisión neste programa aqueles estudiantes que estean a cursar, ben o Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos, ben o Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas. Isto é, para aqueles alumnos que xa iniciasen un dos dous mestrados e desexaren cursar de forma simultánea os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade da Coruña sobre simultaneidade de estudos.

3. Serán as comisións académicas dos dous mestrados as encargadas de aplicar o réxime de admisión de estudiantes de simultaneidade a efectos do disposto no artigo 6. As ditas comisións en todo caso respectarán os requisitos e valoración de méritos establecidos nas memorias verificadas de ambos os dous títulos, de acordo co disposto no artigo 17 do RD 1393/2007, do 29 de outubro.

## **Art. 8. Criterios de matrícula**

1. Os alumnos de primeiro curso, que cursen estes estudos por primeira vez, poderán optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, segundo o que establece a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudiantes de grao e máster universitario na UDC: nunca inferior a 24, nin superior a 48 créditos.
2. Os estudiantes de continuación de estudos deberán efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC na Normativa citada: nunca inferior a 48, nin superior a 78 créditos e nunca inferior a 24, nin superior a 48 créditos, respectivamente.
3. Os estudiantes poderán desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a Normativa de xestión académica que rexía en cada curso académico.

## **Art. 9. Permanencia e progresión: Número de créditos que se deben superar.**

1. Os estudiantes de primeiro curso, por primeira vez, que están matriculados en réxime de dedicación a tempo completo, deberán superar nese curso académico polo menos 12 créditos, e os que están matriculados en réxime de dedicación a tempo parcial, deberán superar nese curso académico polo menos 6 créditos.
2. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos.
3. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.

## **Art. 10. Avaliación**

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.
2. A avaliação realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes.
3. As convocatorias de exame das distintas disciplinas realizaranse nas datas que determine o calendario oficial nos centros de impartición do ensino, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno. Os exames poderán ser realizados de xeito diferenciado aos exames dos estudiantes matriculados das mesmas disciplinas no Mestrado Universitario en

Enxeñería de Camiños, Canais e Portos ou no Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas.

#### **Art. 11. Incumprimento das normas de permanencia**

Aqueles alumnos matriculados no Programa de Simultaneidade que non cumpran as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberán abandonar os estudos, de conformidade co disposto na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudiantes de grao e máster universitario na UDC.

As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polos alumnos do programa, serán atendidas polo decano ou director do centro xestor deste, quen resolverá por desconcentración do reitor da UDC, tras o informe da comisión académica que corresponder. Contra a resolución do decano ou director os alumnos poderán presentar un recurso de alzada ante o Reitor da Universidade, na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere e que permita esta.

#### **Art. 12. Abandono do programa de simultaneidade**

1. Os alumnos que decidan abandonar o programa de simultaneidade deberán notificalo á Administración da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.

2. Os estudiantes, de ser o caso, poderán:

a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que teñan aprobados polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, e 6 créditos no réxime de dedicación a tempo parcial, da titulación que vaian cursar. Terán dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opten, por aqueles outros superados na titulación que abandonen.

b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

Terán dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación na que se matriculen, por aqueles outros superados nas titulacións que abandonen.

#### **Art. 13. Recoñecementos específicos para estudiantes do Programa de Simultaneidade**

1. Aos alumnos que superen o Programa de Simultaneidade Mestrado Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos- Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas, recoñeceránseles os créditos das disciplinas que constan no ANEXO desta Normativa.

2. O recoñecemento realizarao o Decanato/Dirección do centro correspondente. A solicitude do alumno, logo de ser revisada pola Administración do centro, resolverase no momento en que este supere o total de créditos correspondentes ao plan de estudos do programa, agás o Traballo Fin de Mestrado. Este recoñecemento terá carácter gratuito.

3. Na fase final do plan de estudos deste programa, de acordo cos requisitos establecidos na Normativa reguladora da matrícula e a defensa do Traballo de Fin de Grao e do Traballo de Fin de Mestrado Universitario, aprobada polo Consello de Goberno do 19/12/2013, os alumnos realizarán dous Traballos de Fin de Mestrado en que serán de aplicación os coñecementos adquiridos: cada un dos traballos contará de 6 créditos ECTS, cos que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas en ambos os Mestrados. Cada un dos dous Traballos Fin de Mestrado deberá estar dirixido por un profesor ou profesores con docencia na titulación correspondente a cada TFM (MUECCP ou MUDAE) adscritos á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e á Facultade de Economía e Empresa, respectivamente.

#### **Art. 14. Expedición dos títulos oficiais de Mestrado**

Os alumnos deberán solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Máster Universitario en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas pola UDC, nas Administracións dos centros responsables destes títulos e pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia, polo que se fixen os prezos

correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

Os trámites administrativos que se realizarán en cada unha das Administracións mencionadas serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

#### **Disposicións finais**

Primeira: A UDC resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se corresponde coa oferta académica anual; porén, os alumnos de continuación de estudos terán garantida a posibilidade de finalizalos.

Segunda: Correspondelalle á vicerreitoría con competencias en titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Terceira: Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e polas demais normativas da UDC que resulten de aplicación.

Cuarta: As presentes normas serán de aplicación a partir do curso académico 2017/18

ANEXO 1: Materias do programa de simultaneidade MUECCP-MUDAE.

1º C		2º C	
Materia	Titulación	Materia	Titulación
Cálculo Avanzado en Enxeñería	MUECCP	Cálculo Numérico	MUECCP
Mecánica dos Medios Continuos	MUECCP	Enxeñería Sanitaria	MUECCP
Estruturas 3	MUECCP	Enxeñería do Transporte	MUECCP
Portos e Costas	MUECCP	Pontes 1	MUECCP
Obras Hidráulicas e Hidroloxía	MUECCP	Optativa	MUECCP
Análise do entorno	MUDAE	Optativa	MUECCP
Dirección de marketing	MUDAE	Dirección de recursos humanos	MUDAE
Dirección financeira	MUDAE	Sistemas de información. Xestión das TIC	MUDAE

1º C		2º C	
Materia	Titulación	Materia	Titulación
Mecánica Computacional	MUECCP	Edificación. Rehabilitación de estruturas	MUECCP
Ordeación do Territorio e Urbanismo	MUECCP	Explotación de estradas	MUECCP
Estruturas de Formigón	MUECCP	Optativa	MUECCP
Ampliación de Enxeñería do Terreo	MUECCP	Xestión da empresa familiar	MUDAE
Optativa	MUECCP	Talleres de directivos	MUDAE
Optativa	MUECCP	Xogo de empresa	MUDAE
Dereito de empresa	MUDAE	Prácticas en empresas	MUDAE
Dirección xeral	MUDAE	TFM – MUECCP	MUECCP
Talleres de directivos	MUDAE	TFM – MUDAE	MUDAE
Xogo de empresa	MUDAE		

ANEXO 2: Táboa de recoñecementos

A MATERIA:	RECOÑÉSESE POR:	
Dirección de empresas	MUECCP	Dirección xeral
Estancia en prácticas	MUECCP	Prácticas en empresa

Os recoñecementos aplicaranse sempre que o estudiante o solicite na administración do centro responsable do programa de simultaneidade.